



Concello de Oza-Cesuras

DECRETO DO ALCALDE

ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a formación dunha bolsa de traballo para realizar contratacións laborais temporais nos postos de traballo de peón que resulten necesarios para a execución das obras por administración que se acorden iniciar no exercicio 2021 nas que non se considere oportuno levar a cabo un proceso selectivo propio.

CONSIDERACIÓNS:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a dita provisión establécese que rematado o prazo de presentación de instancias dictarase resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos, resolución se publicará no taboleiro de anuncios do concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web do concello sen carácter preceptivo, e que deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por cinco persoas, tanto titulares como suplentes que se encargará de levar a cabo o proceso selectivo e o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril.

Por todo isto, esta Alcaldía RESOLVE:

1. Aprobar as seguintes listaxes de admitidos e excluídos no proceso de selección das persoas que formarán a bolsa de traballo para realizar contratacións temporais de postos de peóns ou equivalentes para as obras por administración que se inicien neste exercicio ao abeiro do Plan Municipal de Obras e Servizos previsto no orzamento municipal 2019.

a) Listaxe de admitidos:

APELIDOS E NOME	DNI
GARCÍA LÓPEZ, JOSÉ MANUEL	***4272**
OTERO OTERO, JOSÉ ANTONIO	***9315**
PÉREZ TABOADA, JOSÉ CARLOS	***7272**

b) Listaxe de excluídos: ningún

2. Establecer a composición do tribunal:

Presidente: Pablo Vidal Ferreño, funcionario do Concello de Oza-Cesuras.

Secretario: José C. Sánchez Presedo, secretario do Concello de Oza-Cesuras ou funcionario no que delegue.

4 Vogais:

- José Varela Lata, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.
- José Manuel Pita Sánchez, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.
- María Sandra Sánchez Nuñez persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.
- Silvia María Sánchez Campos, persoal laboral do Concello de Oza-Cesuras.





Concello de Oza-Cesuras

3. O tribunal seleccionador deberá constituirse mañá, 3 de setembro de 2021 ás 9:00 horas na Casa do Concello sita en Lois, n.º 33 – Oza ao obxecto de levar a cabo a fase de concurso na que se valorará a experiencia profesional en postos similares e a posesión do carnet de conducir tipo B de conformidade cos méritos acreditados polas solicitantes.

4. Convocar aos aspirantes admitidos no proceso, para que comparezan mañá 3 de setembro de 2021 na Casa do Concello de Oza-Cesuras, sita en Lois, 33 – Oza para a realización da fase de oposición no seguinte horario:

- **Ás 10:00 horas:** Levarase a cabo o exame tipo test sobre materias relacionadas co temario anexo. Esta proba escrita será un test de 10 preguntas nun tempo máximo de 25 minutos e valorarase de 0 a 2 puntos, debendo obter unha puntuación máxima de 0,60 puntos para superar a proba. Cada pregunta acertada valorarase con 0,20 puntos.

- **Ás 11:00 horas:** Levarase a cabo a proba práctica dos aspirantes que superen o exame tipo test, que consistirá na realización de diversas tarefas e actividades, con o seu uso de ferramentas e maquinaria, ao obxecto de demostrar as súas habilidades profesionais.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 15 minutos.

A proba práctica cualificarase de 0 a 3 puntos e será necesario para superalo un mínimo de 1,5 puntos.

- **Ás 12:30 horas:** Levarase a cabo a entrevista persoal aos/as aspirantes que superen a proba práctica na que se farán preguntas relacionadas coas tarefas a desenvolver no posto de traballo, interese demostrado no posto de traballo, así como preguntas relativas ó nivel de coñecementos axeitados ao posto de traballo ao que se aspira e que será cualificada cun máximo de 2 puntos

Os aspirantes deberán acudir provistos do DNI.

O tribunal seleccionador realiza o chamamento de conformidade co establecido na Resolución de 23 de xuño de 2021, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral de Ingreso de Personal ao Servizo da Administración do Estado iniciándose por aqueles aspirantes dos que o primeiro apelido comeza por “V”.

Oza-Cesuras, na data de sinatura electrónica

O ALCALDE,

Asdo.- J. Pablo González Cacheiro

Dou fe,

O SECRETARIO,

Asdo.- José C. Sánchez Presedo

